

8 // proPostas

Sempre Pontedeume

Narrativa O proxecto vivencial e colectivo de Ramiro Fonte

*Eran ben doces as mañás de outono
Cando o baixío escuro dos teatros
(Canle deserta ó fondo das pegadas)
Deixábanos o signo e o loureiro ben muchos*

“A derradeira viaxe á súa fin”,
Designium, 1984

Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957-2008) ten apenas vinte anos cando entra na casa luminosa da creación artística. Vocación sentida e soñada –*Nos soños, pontes para cruzar a vida*– desde a infancia. El é un dos sete compoñentes do colectivo poético Cravo Fondo, que no ano 1977 publica libro homónimo. Adscribíense á corrente culturalista, que procura unha alternativa estética á poesía social-realista dominante; o manifesto introductorio cérrase con esta consigna: “Por Galicia, pola poesía, Cravo Fondo, verba nova para unha terra ceibe.”

Un ano antes, colabora cun poema na revista literaria *Nordés*, dirixida por Luz Pozo Garza. Nos primeiros 80, é un dos impulsores da revista *Dorna* (Expresión poética galega), publicación da Facultade de Filoloxía de Compostela á que achega creacións líricas e traducións. Tamén é colaborador asiduo das revistas *Grial* e *Bonaval*, do suplemento “Galicia Literaria” do *Diario 16 de Galicia* e do *Anuario de estudos literarios galegos*.

O primeiro libro de versos, como gusta de definir Ramiro Fonte as súas obras poéticas, é *As cidades da nada* (1983); conforma unha triloxía xunto con *Designium* (1984) –Premio da Crítica-Galicia e Premio Losada Diéguez– e *Pensar na tempestade* (1986). Certo grao de hermetismo, forte carga simbólica, referencias culturalistas e atención á expresión formal son trazos caracterizadores destas primeiras propostas líricas.

O poeta lugués Arcadio López-Casanova, no limiar do poemario *Pensar na tempestade*, fai esta presentación do autor: “Dende o seu primeiro libro *As cidades da nada* (1983) –texto de insólita e acadada perfección– e xa logo con *Designium* (1984) –obra que significa, por fortuna, a importante consagración dun novo (...)–, o noso poeta, alleo a modas, ó fácil mimetismo dun intre, e fóra das dependencias de calquera grupo, foinos amosando unha faciana lírica de especial singularidade.”

Pasa un segredo (1988) –Premio da Crítica Española– inaugura unha liña poética máis introspectiva e reflexiva, á vez que se libera do dominio dos artificios culturalistas. Con *Adeus Norte* (1991) –Premio Esquíu– reafirmase na tendencia creativa de ton realista. *Luz do mediodía* (1995) é unha homenaxe verbal á sempre querida vila natal de Pontedeume. E *O cazador de libros* (1997) poetiza a paixón do autor por

estes: “Cazadores nas vellas edicións / Rebuscamos tesouros, melodías, / Para sermos antigos e modernos, / Para non traizoar a poesía”.

No texto que introduce *Mínima moralidade* (1997) –Premio González Garcés–, Ramiro Fonte fala así da súa poética: “(...) todos estes poemas teñen unha vocación de libro, de capítulo central dunha obra, e isto é así no caso dun autor (xa che me gustaría atreverme a dicir poeta) que, coma min, desexa traballar tendo como horizonte unha obra ou o que podemos denominar unha verdadeira biografía poética e non unha estrita suma de libros de poemas máis ou menos unitarios.”

E a súa versión lírica: “E o delicto maior, o máis fermoso / E a sentencia que deste se deriva / É seguir dialogando intensamente / Co teu tempo, coa vida, co teu mundo”. Son textos que gañan en transparencia e intensidade, poetizacións de inqueanzas íntimas e sociais.

Capitán Inverno (1999) é un libro de libros; poesía esencial, de expresión clara e directa, que reflexiona sobre a honestidade, guía do labor poético. *A rocha dos proscritos* (*Poemas complementarios, 1994-2004*) (2005) –último poemario publicado en vida– é outro magnífico libro de libros. O poeta porfía no empeño de conciliar clasicismo e modernidade, creación culta e popular (“Sonetista secreto”). Hai evocacións de viaxes, estadias e retornos (Londres, Lisboa,

Declárase un poeta rosaliano, marcado pola morriña dos tempos vividos e dos lugares transitados

Vigo, Compostela, Pontedeume), da dor que provoca o sentimento da soidade/saudade –“Escribimos e lemos / Para pensar que non estamos sós”–, do poder do azar e do valor da amizade, de compromisos políticos, con amplo repertorio de referencias culturais (literatura, música, pintura, cinema). Decidida preferencia polas formas tradicionais –medra a devoción por Rosalía e o interese por Cabanillas; tamén moran con el Pondal, Cunqueiro, Manuel Antonio–, tal como confesa o propio autor: “Fago poesía medida por patriotismo, para ampliar a literatura galega.”



Ramiro Fonte. // Miguel Riopa

Seguen a manter fidelidade a estes postulados dous novos poemarios do autor, de próxima aparición, que incorporan composicións do período de convalecencia: *Reversos* (*Días adidos*) e *O xardín do pasamento*.

Poesía da experiencia existencial (“É a vida que escribe, sen pasalos a limpo / os mellores poemas”). Grande coñecedor da poesía romántica inglesa e alemá, así como do simbolismo francés, declárase poeta rosaliano, marcado pola morriña dos tempos vividos e dos lugares transitados –estudos de Filosofía en

Compostela, docente de galego en Vigo e Londres, director do Instituto Cervantes de Lisboa, etc–. Os eixos temáticos da súa creación poética son a condición humana, o tempo e a natureza; elementos nucleares do seu universo literario son o mar –símbolo de vida e de tránsito constante–, o vento –símbolo do alento vital– e o outono –símbolo de plenitude e de melancolía–.

No ámbito do ensaio, hai que salientar, entre outras moitas contribucións, o estudo *Fermín Bouza-Brey e a súa obra literaria* (1992) e o libro

As bandeiras do corsario (1996), que recolle análises e interpretacións das manifestacións literarias.

Comeza a súa andaina como narrador co relato “O retornado” (1986) –accésit do Premio Pedrón de Ouro–. O seu primeiro romance é *Catro novelas sentimentais* (1988). Con *As regras do xogo* (1990) avénturase na narración de serie negra. *Os leopardos da lúa* (1993) –un dos títulos máis fermosos e suxestivos das nosas letras– é evocadora crónica memorialística dos anos universitarios vividos en Compostela.



Mais a súa obra magna é a triloxía *Vidas de infancia* –1400 páxinas–, concibida á maneira das grandes novelas do XIX, motivo de orgullo e satisfacción para o propio creador: *Os meus ollos* (2003), *Os ollos da ponte* (2004) e *As pontes no ceo* (2007). Recreación precisa e meticulosa da vida da vila eumesa ao longo dun século, con especial atención ao tempo feliz da infancia. Hai moito de procura restauradora, á maneira de Marcel Proust. Obras corais, con amplísimo elenco de personaxes, ilustres e humildes, presentes e pretéritos. Memoria –*E ha florecer a rosa da memoria*– de vidas e mortes, de glorias e miserias, na vila que nace ao pé dunha ponte. Memoria persoal e colectiva, confesional e terapéutica. O autor manifesta a respecto disto: “O home necesita lembranzas para valerse na vida.”

Tal como ficaba dito na recensión da terceira parte da triloxía (v. **ProTexta 6**), o narrador conta de forma directa e amena, habelenciosa mestura de oralidade e erudición, con apelacións de complicidade ao lector implícito, con grandes doses de humor e ironía, para crear cadros escénicos acugulados de vida e autenticidade.

Nas páxinas das súas obras escóitanse ecos das grandes voces da literatura universal: Beaudelaire, Rimbaud, Mallarmé, Leopardi, Cernuda, Pessoa, Cesário Verde, T.S. Eliot, Yeats, Rubén Darío, Cavafis, Ezra Pound, Hölderling, Adorno, Heine, Joyce, Kafka, Faulkner, Paul Celan, etc.

Son máis de trinta anos de fecunda creación artística e de rigorosa análise interpretativa das manifestacións culturais de nós. Expresión de compromiso honesto e permanente coa palabra e a cultura, proxecto vivencial colectivo desta periferia atlántica.

Ramiro Fonte sabe ben que, viaxeiros en tránsito permanente –“O pasaxeiro inmóbil”– imos marchando un pouco cada día. A vivencia intensa do devalar temporal é faro que ilumina o seu inxente legado literario.

Para alén da porta do tempo –“Ese mouro navío que vai para ningures”– esvaécense as barreiras sensoriais, e o poeta eumés está nas vivencias e nas interpretacións, nos lugares visitados e soñados, nas persoas da memoria e da existencia, no mar e no vento, no sol e na chuvia, señor dun imperio de palabras preciosas.

// Delfín Caseiro